

O TEMPO HISTÓRICO

A **cronoloxía** é a ciencia ou técnica que establece as datas dos acontecementos históricos. Tamén se refire á orde ou sucesión dos feitos ocorridos ao longo da nosa Historia, para que poidamos situarnos con respecto a un personaxe ou un determinado suceso (reinado, guerra, descubrimento...), colocando os feitos históricos nunha especie de liña que funciona “cara atrás” para sinalar o pasado e “cara diante” os sucesos máis recentes.

Recorda que os **anos** se escriben con números árabes (ano 2020) e os **séculos** con números romanos (século XXI). Por se esqueches os números romanos, aquí tes unha axuda:

Sistema de Numeración Romano			
1 = I	10 = X	100 = C	1000 = M
2 = II	20 = XX	200 = CC	2000 = MM
3 = III	30 = XXX	300 = CCC	3000 = MMM
4 = IV	40 = XL	400 = CD	
5 = V	50 = L	500 = D	
6 = VI	60 = LX	600 = DC	
7 = VII	70 = LXX	700 = DCC	
8 = VIII	80 = LXXX	800 = DCCC	
9 = IX	90 = XC	900 = CM	

Por outra banda, empregamos distintas unidades para medir o tempo, ademais dos **anos e dos séculos**: o **bienio** (dous anos), o **trienio** (tres anos), o **lustro ou quinquenio** (cinco anos), a **década** (dez anos), ou o **milenio** (mil anos ou dez séculos). De todos xeitos, para **medir** tempos históricos longos usamos normalmente o **século** (cen anos consecutivos).

Para saber a que século pertence un ano ou data histórica determinada: por exemplo, se agora estamos no ano 2020 e no século XXI, o truco está en sumar 1 á primeira cifra da centena do século ($20+1=\text{século XXI}$). Recorda que na primeira centena a contar do nacemento de Cristo (do ano 0 ao 100 inclusive), sumaríamos unha unidade, correspondéndose co século I.

Por outra banda, **non todas as sociedades** miden o tempo da mesma forma; cada cultura empeza a contar os anos a partir dun momento importante para ela:

- Para os **xudeus**, o tempo histórico empeza a contar a partires do ano 3760 a.C, data na que estableceron a creación do Mundo.
- Os **chineses** empezan a computar o seu ano a partires do 2698 a.C.
- Os antigos **romanos** empezaron a contar o tempo a partir da fundación de Roma (“ab urbe condita”), no 754 a.C.
- Na cultura **cristiá**, o primeiro ano da era é o do nacemento de Xesucristo, denominando todo o tempo anterior a ese feito antes de Cristo (a.C), e o posterior despois de Cristo (d.C)
- Os **musulmáns**, en cambio, comezaron a contar os anos a partir do momento no que o profeta Mahoma fuxiu da cidade de A Meca (“hégira”) para difundir o islamismo no ano 622 da nosa era.

A duración da Historia estrutúrase tradicionalmente en **cinco idades**, pero poderíamos escoller calqueira outra pauta, xa que esta división é unha convención, centrada na historia de Europa e da cultura occidental.

Se nos fixáramos noutras culturas do mundo (a africana, a chinesa, a xaponesa, a precolombina en América...), ou se nos fixáramos noutros aspectos distintos aos históricos (a forma de vestir, os estilos musicais, o ocio, as diversións, o tipo de economía, etc.), poderíamos establecer periodizacións ou tramos cronolóxicos distintos ás etapas históricas dos libros de texto.

As liñas de tempo son representacións gráficas nas que se reflicte a duración dunha época determinada e a orde na que se producen uns feitos concretos. Os pasos principais para realizar unha liña do tempo son tres:

1. **Debuxamos unha liña** tendo en conta que a súa lonxitude debe estar en relación coa duración do período.
2. **Escribimos a primeira data do período ao comezo da liña e a última data ao final.** Debes medir a distancia e establecer a relación ou proporción anos-centímetros para representar un ano (un centímetro poden ser 50, 100, 150 anos....)
3. Hai que **ordear os subperíodos e datas concretas** que queres representar e situalos no punto correspondente.

As **datas** (anos e séculos) dun eixe ou liña cronolóxica de tipo histórica funcionan de distinta maneira segundo a referencia con respecto ao ano 0: se a data é a.C, canto máis elevada sexa a cifra, máis antiga será e, pola contra, se é despois de Cristo, canto máis alta é a cifra, máis moderna e máis próxima a nós.



PRÁCTICA. Elabora unha liña do tempo que inclúa os seguintes acontecementos:

- 476: Caída do Imperio Romano
- 711: Entrada dos musulmáns na Península Ibérica
- 800: Carlomagno Emperador
- 1348: Peste Negra
- 1450: Imprenta (Gutemberg)
- 1453: Caída de Constantinopla en mans dos turcos
- 1492: Descubrimento de América
- 1515: Carlos V Emperador
- 1556: Felipe II
- 1618-1648: Guerra dos Trinta Anos
- 1656: *Las Meninas* (Velázquez)
- 1701-1714: Guerra de Sucesión española
- 1789: Inicio da Revolución Francesa
- 1804: Napoleón Emperador
- 1808-1814: Guerra da Independencia
- 1914-1918: Primeira Guerra Mundial
- 1929: Crack da Bolsa de NY
- 1936-1939: Guerra Civil española
- 1939-1945: Segunda Guerra Mundial
- 1961: Construción do Muro de Berlín
- 1969: Chegada do home á Lúa
- 1975: Morte de Franco
- 1989: Caída do Muro de Berlín
- 2001: 11S (Atentado ao World Trade Center, NY)
- 2009: Obama presidente de EE.UU.
- 2009: Facebook